

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 735

DENOMINACIÓN: Expedientes de axudas para a mellora da formación profesional do sector comercial.

Función: Comercio e Consumo. Comercio. Fomento

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral de Comercio. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial (20-04-1985/02-031986).

Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Dirección Xeral de Industria, Comercio e Consumo. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial (03-03-1986/27-01-1987)

Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Dirección Xeral de Industria e Comercio. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción e Ordenación (28-01-1987/29-09-1987).

Consellería de Industria, Comercio e Turismo. Dirección Xeral de Comercio (16-10-1987/05-02-1990).

Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería de Industria, Comercio e Turismo. Dirección Xeral de Comercio.
Subdirección Xeral de Xestión do Comercio. Servizo de Promoción e
Ordenación
(04-03-1988/05-02-1990).

Consellería de Industria e Comercio. Dirección Xeral de Comercio e
Consumo. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción e
Ordenación Interna
(22-03-1990 /31-12-1991).

DATAS EXTREMAS:

1985/1991.

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: textual.

SOPORTE: papel.

FORMATO: expediente.

FORMA: orixinal.

VOLUME: 94 unidades de instalación ; 13,4 m.l. (Arquivo de Galicia.
Tambre).

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Expedientes tramitados para a concesión de axudas para a realización de
cursos de formación destinados a mellorar a capacitación técnica e
profesional das persoas relacionadas coa actividade comercial nas súas
fases de distribución e venda.

Poderán ser beneficiarios destas axudas, as asociacións sen ánimo de lucro,

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

entes públicos e aquelas empresas privadas constituídas en cooperativas ou que representen formas asociadas ou integradas de comerciantes.

LEXISLACIÓN:

Ordes de subvención

Orde do 17 do xaneiro de 1985, sobre axudas para a mellora da formación profesional do sector comercio (DOG núm. 77, do 23 de abril de 1985).

Orde do 30 de xaneiro de 1986, pola que se prorroga a vixencia de distintas ordes da Consellería de Industria, Enerxía e Comercio (DOG núm. 23, do 1 de febreiro de 1986).

Orde do 3 de xullo de 1987, sobre axudas para a formación profesional do sector de comercio (DOG núm 143, do 29 de xullo de 1987).

Orde do 25 de marzo de 1988, pola que se establecen as condicións e o procedemento para conceder axudas á formación comercial (DOG núm. 75, do 21 de abril de 1988).

Orde do 2 de xaneiro de 1989, pola que se establecen as condicións e o procedemento para conceder axudas á formación comercial (DOG núm. 13, do 19 de xaneiro de 1989).

Orde do 30 de maio de 1990, pola que se regula a concesión de subvencións para a formación comercial (DOG núm. 110, do 07 de xuño 1990).

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 6 de marzo de 1991 pola que se regula a concesión de subvencións para a formación e promoción comercial a través das cámaras de comercio e asociacións de empresarios (DOG núm. 65, do 05 de abril de 1991).

PROCEDEMENTO:

Trámites:

- Publicación da convocatoria da subvención no Diario Oficial de Galicia.
- Presentación das solicitudes nas delegacións provinciais, servizos centrais ou por calquera dos medios recollidos nas leis de procedemento administrativo.
- Valoración de solicitudes polos servizos técnicos da Dirección Xeral.
- Redacción da proposta de resolución da Dirección Xeral.
- Ditado da resolución definitiva do Conselleiro.
- Notificación da resolución aos solicitantes.
- Comunicación da resolución aos solicitantes.
- Aceptación ou renuncia á subvención / axuda.
- Xustificación das actividades realizadas.
- Liquidación e pagamento das axudas.

Esta serie inclúe tamén convenios, que deberán recoller como mínimo os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
- b) Réxime xurídico aplicable.
- c) Beneficiarios e modalidades de axuda.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras.

A concesión de subvencións por importe superior a 150.000 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requiriran a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia

DOCUMENTOS BÁSICOS

- Orde de convocatoria de axudas debidamente informada
- Solicitud acompañada de:
 - Memoria na que conste o título e contido do curso, número de alumnos previstos, destinatarios da formación, duración, horario, lugar e data de celebración .
 - Detalle do persoal docente con indicación da titulación e experiencia profesional.
 - Presuposto detallado de gastos e ingresos previstos.
 - Maqueta publicitaria do curso, na que debe figurar que está subvencionado pola Consellería.
 - Escritura de constitución, estatutos e inscrición rexistral, se é o caso.
 - Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.
 - No suposto de solicitude conxunta de varios colectivos deberá aportarse, ademais dos documentos mencionados, acta de constitución como agrupación empresarial dos solicitantes, na que se designe un representante da agrupación para que en nome desta solicite a subvención, organice o curso, xustifique os gastos e ingresos e cobre a axuda. A acta deberá estar asinada polos representantes dos distintos colectivos.
- Proposta de resolución da Dirección xeral
- Resolución definitiva do Conselleiro



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Notificación aos interesados ou publicación da resolución.
- Comunicación de aceptación ou renuncia dos solicitantes.
- Documentación xustificativa do gasto obxecto de subvención ou axuda:
 - Facturas xustificativas do gasto
 - Memoria das actividades desenvolvidas.
 - Copia do material e documentación entregada aos alumnos
- Documentación do pagamento da axuda (memoria, documentos contables etc.).

ORDENACIÓN

Cronolóxica-numérica.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Bases de datos do Arquivo de Galicia: IN03(76-00)94-04; IN-CTD(75-96)94-97.

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Tendo en conta o prazo de catro anos establecido polo art. 39 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de de subvencións para que a Administración recoñeza ou liquide o reintegro, establécese un período de 5 anos de vixencia do valor administrativo, a partir da data de finalización do procedemento.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Si, deixa constancia da axuda económica recibida e das obrigas e dereitos adquiridos coa súa concesión e a súa vixencia é a mesma ca do valor administrativo.

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Si, os expedientes testemuñan os apoios económicos prestados pola administración autonómica ao desenvolvemento e mellora da capacitación técnica e profesional das persoas relacionadas coa actividade comercial durante o período en que estas axudas foron concedidas.

SERIES RELACIONADAS:

SERIES PRECEDENTES:

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES:

732: Expedientes de axudas a asociacións a entidades sen fins de lucro para actividades de promoción comercial (1994/).

DOCUMENTOS COMPILADORES:

Rexistro público de axudas, subvenciones e convenios

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao Arquivo Central ao ano de finalizar o trámite administrativo

Ao Arquivo Intermedio/Histórico aos cinco anos do seu ingreso, a mostra resultante tras a eliminación

RÉXIME DE ACCESO:

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37) a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).

ÁREA DE SELECCIÓN

Referencias ao ditaminado por outras comisións de avaliación:

Cataluña propón a conservación total ata 1997 e a eliminación total as posteriores aos 5 anos da finalización do trámite.

Proposta:

Tendo en conta os valores citados anteriormente propónse unha conservación parcial: conservación do expediente xeral das convocatorias (orde, informes, resolucións, actas de valoración de solicitudes, documentos



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

contables RC, A, D), ata a creación do Rexistro público de axudas, subvencións e convenios no ano 2005, eliminando o resto da documentación.

O expurgo, de ser o caso, farase no Arquivo intermedio aos 5 anos dende o fin da tramitación administrativa.

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Denominación: en Cataluña denomínanse Axudas para a realización de actividades de formación no ámbito do comercio interior.
- IDENTIFICACIÓN. Volume: Pendente da última revisión das bases de datos.
- IDENTIFICACIÓN. Procedemento: as axudas para a formación de comerciantes, ata a aprobación da Orde do 17 de xaneiro de 1985, realízanse mediante convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e as Cámaras de Comercio. Entre os anos 1985 e 1991, tramítanse por medio de subvencións aínda que tamén se seguen a facer convenios. A partir desta data tramítanse a través de convenios de colaboración e intégrase na serie 732 (a partir do ano 2006).
- SELECCIÓN. Proposta: na documentación conservada no Arquivo de Galicia non está localizado ningún expediente xeral, polo que se propón en primeiro lugar solicitar a transferencia ao servizo produtor dos " expedientes xerais" e, de non existir, conservaríase a totalidade da documentación de cada unha das convocatorias.
Expediente tipo: Curso de técnica de venda (Pontedeume) COCIN FERROL (21808-0002).



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: marzo de 2012.

Revisión: xaneiro 2013.